

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DE 2010, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
Escusa asistencia D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o día doce de xaneiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 66/10 de don Enrique Mareque Freire

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a colocación dun portal no lugar de Outeiro, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 3,00 mts segundo a aliñación establecida no PXOM; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser



o caso; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o portal adaptarase ó ambiente no que se vai situar e ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con tres céntimos (#18,03#)

3º.- Acordo, se procede, sobre expediente de legalización de actividade para adega elaboradora e embotelladora de viño en Dozar -San Miguel de Sarandón

Examinado o expediente promovido por don/a Esperanza Lema Bouzas, segundo a súa solicitude núm. 1957 de data 17 de novembro de 2009, para legalización de actividade para ADEGA ELABORADORA E EMBOTELLADORA DE VIÑO no lugar de Dozar (San Miguel de Sarandón), sometida ao disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental (DOG núm. 126, do 1 de xullo).

Tendo en conta que con data 20 de novembro de 2009 se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días, téndose publicado o edicto de exposición no DOG número 246 de data 18 de decembro de 2009 e no BOP núm. 256 de data 2 de decembro de 2009, e téndose practicado notificación persoal aos veciños inmediatos ao lugar previsto de emprazamento da actividade; que por Secretaría se certificou a non presentación de alegacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Informar favorablemente a solicitude que se tramita a instancia de dona Esperanza Lema Bouzas, en relación coa licenza de legalización da actividade de *adega elaboradora e embotelladora de viño* no lugar de Dozar (San Miguel de Sarandón), e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

2º.- Suspender o transcurso do prazo máximo para resolver durante o período que medie entre a remisión do expediente ao órgano ambiental competente e a comunicación ao concello da emisión do preceptivo dictame de incidencia ambiental.

3º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para os efectos previstos no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

4º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións á Deputación Provincial

Dáse conta da convocatoria de subvencións destinada a concellos (BOP num. 274/09, do 31 de decembro)



Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar subvencións para os seguintes programas:

	PROGRAMA
DEPORTE	ACTIVIDADE XERAL
	INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DEPORTIVO
	TÉCNICOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS
CULTURA	ACTIVIDADE XERAL
	INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO CULTURAL
	ANIMADORES CULTURAI
SERVIZOS SOCIAIS	MANTEMENTO
	PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DAS PERSOAS MAIORES
PROMOCIÓN ECONÓMICA	ACTIVIDADE XERAL (CURSOS INFORMÁTICA)
	INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO (PROMOCIÓN TURÍSTICA)

5º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de decembro do ano pasado, que di o seguinte:

“En función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente,

RESOLVÍN: Aprobar as facturas de gastos correspondentes ó exercicio 2009 que deseguido se relacionan:

Factura núm. 26/2009 de José Fermín González Blanco pola asistencia técnica como arquitecto no concello no mes de decembro. Importe 2.436,00 euros.

Facturas de Gas Natural, S.U.R. SDG polo subministro eléctrico no concello de Vedra durante o mes de decembro nos locais municipais. Importe 2.387,71 euros.

Facturas de Gas Natural, S.U.R. SDG pola contratación e subministro eléctrico no concello de Vedra durante o mes de novembro na casa da cultura da Cruxa e Oficina de Turismo. Importe 401,83 euros.

Factura de Vodafone España, SA pola telefonía municipal no mes de outubro. Importe 749,94 euros.

Factura núm. S130641 de Ricoh España, SLU por fotocopias realizadas en servizos sociais nos meses de setembro a novembro. Importe 77,34 euros.



Factura de Telefónica de España, SA polo servizo telefónico na sede de Protección Civil en Picón no mes de decembro. Importe 82,34 euros.

Recibo polo pago do programa vacaciones para maiores do IMSERSO temporada 09/10 para 40 usuarios. Importe 12.128,00 euros.

Recibo de La Voz de Galicia pola subscripción ao xornal no mes de decembro. Importe 30,00 euros.

Recibo de Siemens Renting, SA polo aluguer da fotocopiadora do concello no mes de decembro. Importe 548,85 euros.

Factura 06839000899 de El Corte Inglés, S.A. por material para o concurso de fotografía relacionado cos 100 anos das Sociedades de Emigrantes do concello de Vedra. Importe 92,00 euros.

Factura núm. 4000453830 de Correos y Telégrafos, SA polo envío de correo con franqueo pagado no mes de decembro. Importe 661,40 euros.

Factura núm. 22106352 de A.C. Medín, SA, Mercedes-Benz, por reparacións feitas no camiión do lixo 4663 CSP no mes de decembro. Importe 372,24 euros.

Factura núm. 907849 de Proel Ascensores, SL polo servizo de mantemento do ascensor no CPI de Vedra no mes de setembro. Importe 11,60 euros.

Factura núm. 93009063 de Fornecementos Galegos, SL, FOGA, polas copias realizadas na fotocopiadora da planta baixa nos meses de novembro e decembro. Importe 1.237,98 euros.

Factura núm. 1193 de Galiza Verde, SL pola xestión e transporte de residuos do mes de decembro. Importe 1.057,05 euros.

Factura 0155/09 de Dinamo Xestións de Actividades Socioculturais, S.L., por actuación teatral da Compañía Catoxo Contacontos dentro do circuíto cultural da Deputación da Coruña. Importe 348,00 euros.

Factura B155 de Jesús Bouzón Alejandro por reparación de ordenadores (departamento de Emprego e polideportivo). Importe 100,00 euros.

Facturas núm. 0704/E09 e 0703/E09 de Talleres San Fins, SL por varias reparacións feitas no mes de febreiro. Importe 1.245,41 euros.

Facturas núm. 553/09 e 554/09 de Empresa Seoane, SL polos bono bus de estudantes e 3ª idade no mes de decembro. Importe 125,81 euros.



Facturas núm. 100, 99, 98, 97 e 93 de José García Pernas por compras varias para a 3ª idade, para deportes, turismo, servizos sociais, brigada verde e protección civil. Importe 1.818,46 euros.

Factura núm. 307 de José García García por compras varias realizadas para a brigada de obras. Importe 1.722,00 euros.

Facturas núm. 9/000435, 9/000433, 9/000434, 9/000406 e 9/000407 de MAPOCA, SI por compras varias realizadas nos meses de novembro e decembro para as obras municipais. Importe 569,71 euros.

Factura núm. 000639 de Droguería Ferretería El Sol, SL por compras para o CPI de Vedra no mes de decembro. Importe 70,20 euros.

Factura núm. 2009/3875 de SOGAMA Sociedade Galega do Medio Ambiente polo tratamento de Residuos Urbanos do Concello no mes de decembro. Importe 8.613,81 euros.

Facturas núm. 220, 221 e 222 de Viajes Peillet, SL polos servizos para educación de adultos, ludoteca e piscina no mes de decembro. Importe 1.417,75 euros.

Facturas núm. 46 e 47 de José Carlos Pereira Villanueva, Rotulaciones Pereira, por traballos realizados no tractor e no centro de interpretación. Importe 232,00 euros.

Factura núm. 20090179 de Manuel Botana Granja por varias compras realizadas no mes de decembro. Importe 133,24 euros.

Factura núm. 000291 de Instalaciones Mopisca Galicia, SL por arranxos realizados no CPI de Vedra no mes de decembro. Importe 30,16 euros.

Facturas núm. 76, 77, 78 e 79 de Rosa María Pérez Sande, Librería Avenida, por compras realizadas no ultimo semestre de 2009. Importe 502,30 euros.

Factura núm. 0900043 de Mario Rodríguez Feijoo por varias compras para agasallos de diversos concursos no mes de decembro. Importe 366,56 euros.

Facturas núm. 185, 187, 188 e 189 de José Manuel Segade Martínez por varias obras e reparacións feitas nos meses de outubro e decembro para a Gardería, CEIP de Ortigueira, e Antigo Xulgado. Importe 3.075,16 euros

Factura num. 186 de José Manuel Segade Martínez por colocación de cuberta no local de San Fins. Importe 13.453,68 euros



Factura núm. 133/09 de Reparaciones Sinde, SL por arranxos realizados no camión do lixo no mes de decembro. Importe 38,63 euros.

Factura núm. A09/749 de GST, Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, SL por varias reparaciones feitas nos repetidores do concello. Importe 1.605,70 euros.

Facturas núm. 29 7869, 19 3491, 29 8095 e 29 8055 de Ulla Oil, SL por gasóleos para os vehículos municipais no mes de decembro. Importe 3.145,88 euros.

Factura núm. 912/21 de Alquimao, SL por aluguer de material no mes de decembro. Importe 108,81 euros.

Factura núm. 7170023784 de Suministros Integrales de Oficina, SA, OFISERVICE, por compras de toner para as impresoras da Oficina de Turismo. Importe 741,07 euros.

Factura núm. 14/09 da Fundación Refuxio de Animais pola cota correspondente ó 3º cuadrimestre de 2009 e polo acollemento de 26 cans abandonados. Importe 3.597,60 euros.

Facturas núm. 010001740, 010001741, 010001742 e 010001743 de Puente Ulla, SL por compras varias e gasóleo no mes de decembro. Importe 1.380,32 euros.

Factura núm. 449/09 de Talleres y Repuestos Barco, SL por recambios comprados no mes de decembro. Importe 189,88 euros.


Factura núm. 09-01226 de SAPA CONT. Y SERV., SL por traslado de material recollido no punto limpo a Cerceda no mes de decembro. Importe 728,30 euros.

Facturas núm. A 94, A 93, A 81 e A 75 de Manuel Núñez Rúa, O Terrón, por compras varias e pinchos para o aniversario alcaldes da democracia no último semestre do ano. Importe 1.760,06 euros.

Factura núm. F-011/2009 de Severo Carrillo Domínguez pola compra das cestas de nadal no mes de decembro. Importe 3.058,25 euros.

Factura 0231 de Manuel Gamallo y Otro, S.C. por materiais para local no campo da festa de San Fins subministrados en novembro. Importe 2.122,92 euros.

Factura 0232 de Manuel Gamallo y Otro, S.C. por materiais para obras no campo de fútbol de San Mamede subministrados en novembro. Importe 318,07 euros.



Factura 0233 de Manuel Gamallo y Otro, S.C. por materiais para arranxo de pista en Picón-Vilanova subministrados en novembro. Importe 245,12 euros.

Factura 0234 de Manuel Gamallo y Otro, S.C. por materiais para canalización en Tomonde-Santa Cruz subministrados en setembro. Importe 168,27 euros.

Factura de setembro de Unión Fenosa Metra, SL por subministro eléctrico ó albergue de peregrinos de Vilanova. Importe 159,68 euros.

Factura de outubro de Gas Natural, SA por subministro eléctrico ó albergue de peregrinos de Vilanova. Importe 158,19 euros”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución

6º.- Outros asuntos

Non se presentan

Conclúe ó fío das vinte e tres horas

